

No **IES de Catabois** impártese a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dende a implantación destes estudos.

A ESO consta de 4 cursos e, ao longo de todos eles, aténdese á diversidade do alumnado a través de instrumentos como o reforzo educativo e adaptacións curriculares (en todos os cursos), programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (2º e 3º curso), e programas específicos personalizados (todos os cursos).

Co alumnado proposto para exención na 2ª lingua estranxeira trabállanse as competencias observables das áreas instrumentais (MT e LC) e as habilidades mentais básicas.

Ao rematar a ESO con avaliación positiva, o alumnado obtén o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, que permite o acceso directo aos estudos de Bacharelato ou de Ciclos Formativos de Graos Medio.

O Bacharelato comprende 2 cursos académicos e está organizado nas seguintes modalidades. Artes, Ciencias e Humanidades e ciencias sociais.

A Formación Profesional está organizada en 24 familias profesionais, cada unha cos seus respectivos ciclos formativos de grao medio e de grao superior.

Tamén, dentro da oferta educativa do IES de Catabois, están os Programas Formativos Básicos, que permiten acadar unha cualificación profesional de nivel 1 da estrutura do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. No centro se imparten dous: un deles de servizos comerciais e outro de limpeza de inmobles. Teñen un curso de duración e realizan prácticas 3 días á semana (mércores, xoves e venres) en empresas para completar a súa formación nun entorno real de traballo.

